



AVALIACIÓN

das microexperiencias de transformación social

O sistema de avaliación das microexperiencias de transformación social permite comprobar o grao de cumprimento dos criterios educativos e de transformación social perseguidos en O Globo.

Para isto, debulla cada un dos criterios en características concretas que poidan ser medibles e sométeas a unha escala de apreciación na que se identifican tres graos ou niveis de cumprimento de cada unha delas.



Contraria: preséntanse características contrarias á enunciada

Discreta: a característica está presente, se ben, de xeito discreto

Relevante: a característica é relevante e significativa na experiencia.

Para que unha experiencia se considere acorde aos criterios de O Globo, debe rexistrar un mínimo de seis características moi presentes e ningunha contraria.

QUE É LUCES-CÁMARA-ACCIÓN?

- É a proposta metodolóxica das microexperiencias de transformación, é dicir, ese **conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas de xeito consciente e reflexivo**, coa finalidade de posibilitar procesos de aprendizaxe que teñan como fin último actuar sobre unha situación/problema determinada.
- É un xeito de facer que vai mais alá dos resultados esperados, deixa de estar centrada no individuo, bebe por tanto das estratexias da **pedagogía crítica**, é unha metodoloxía que **transcende o cotiá e abarca a comunidade e o mundo**.
- A proposta LUCES-CÁMARA-ACCIÓN pretende garantir que as microexperiencias incorporen **3 elementos que se complementan e retroalimentan** mutuamente e que consideramos necesarios cando falamos de participación social, estes son;
 - **Investigación (lucés)**. A participación social, en calquera das súas orientacións, precisa dun traballo de indagación que permita obxectivar os datos sobre os que

imos traballar. Esa información forma parte da base do traballo de participación, e consideramos importante que cada microexperiencia incorpore esa base, esa labor investigadora que **fortalece a capacidade de cada individuo/grupo na busca de fontes, selección da información, discriminación de mensaxes valeiras...** esa investigación, como ferramenta de aprendizaxe, contribuirá tamén ao desenvolvemento de competencias fundamentais para o individuo.

- **Análise crítica (cámara).** Os feitos obxectivos resultado da labor investigadora non son bos nin malos ata que non facemos esa análise crítica que nos permita identificar neles situacións de opresión, vulneración de dereitos, inxustiza social, etc. A análise crítica favorece a reflexión sobre o impacto de determinados acontecementos sobre a sociedade (con toda a súa diversidade e pluralidade). Esta análise crítica basearase na observancia dos DDHH e a Axenda 2030.
- **Acción.** Non hai participación social sen acción. É o paso definitivo e necesario que **implica ao individuo na transformación da súa realidade.** Implica facerse presente, estar, expoñerse, asumir liderado... implica a posibilidade de ofrecer alternativas.
- Como sinalabamos, **as tres son necesarias porque:**
 - A investigación sen análise crítica é conformista.
 - A análise crítica sen investigación é pobre na súa fundamentación.
 - A acción sen investigación é “seguidista”.
 - A acción sen análise crítica non suxire alternativas.

POR QUE É IMPORTANTE EN O GLOBO?

- **Lectura crítica do mundo:** axuda a entender o mundo e actuar nel.
- **Constrúe unha cidadanía mais crítica, responsable e solidaria:** xa que ofrece oportunidades de xerar reflexións e crear coñecemento.
- **Enfatiza na dimensión ético-política,** pretende fomentar un cambio social cara axustiza e a solidariedade.
- Axuda a desenvolver unha **actitude comprometida** coa transformación social.
- Axuda a **propoñer desde a experiencia práctica,** comprendendo as dificultades da acción, o que axuda a que as propostas e as críticas sexan máis construtivas.

A EXPERIENCIA CUMPRE CO CRITERIO LUCES-CÁMARA-ACCIÓN?

Considérase que cumpre o criterio luces-cámara-acción a experiencia que presenta, cando menos, unha característica relevante en cada unha das fases: unha en luces, unha en cámara e unha en acción.

LUCES	contraria	discreta	relevante
Emprega con rigor metodoloxías de investigación*			
Triangula, empregando diferentes metodoloxías para aproximarse á realidade dunha forma máis completa			
Busca información desde diferentes visións e paradigmas			

* As metodoloxías poden ser, entre outras:

- Recolle datos e informacións por observación directa, con sistemática (emprega un rexistro de observación).
- Realiza enquisas á poboación e trata a información de forma non nesgada.
- Realiza entrevistas, cun deseño, recollida e análise rigorosos.
- Consulta fontes bibliográficas, seleccionadas polo seu carácter científico e contrastado.
- Consulta datos en fontes en liña e fai un tratamento rigoroso dos mesmos.

CÁMARA	contraria	discreta	relevante
Realiza unha lectura crítica da información			
Revisa distintos paradigmas sobre as formas de analizar e entender a problemática			
Desenvolve un debate para afondar nos argumentos e análises			
Proxecta futuros desexables			
Realiza diferentes propostas de actuación			
Busca e recolle outras experiencias inspiradoras			
Prioriza as accións posibles			
Planifica e diseña as accións			

ACCIÓN	contraria	discreta	relevante
Organiza e desenvolve actividades ou servizos de modo autoxestionario			
Realiza campañas de comunicación e visibilización			
Realiza accións reivindicativas cara institucións ou sectores con maior poder			

QUE É A HORIZONTALIDADE?

- A horizontalidade significa que todas as persoas participan **en igualdade de condicións**.
- As **decisións** tómanse **de forma democrática e directa**, en asemblea de todas as persoas do grupo e de xeito que todas teñan o mesmo peso.
- A **responsabilidade** é **compartida** e hai espazo para a autonomía e a iniciativa propia, dentro do grupo. Non hai xerarquías, nin xefes.
- As decisións non están separadas do traballo: **traballamos e decidimos**, as mesmas persoas (isto chámase autoxestión).
- Hai **comunicación** directa entre as persoas do grupo e **acceso á información** para todas elas.
- Foméntase a **proactividade**: é posible achegar ideas e suxestións en todo momento.

POR QUE É IMPORTANTE EN O GLOBO?

- **Axuda a aprender a crítica entre iguais**, creando espazos de crítica e de autocritica baseados na responsabilidade colectiva e non na xerarquía.
- **Apodera ás persoas que participan no proceso**: todas as visións, suxestións e reflexións achegan un valor á experiencia colectiva.
- **Dota á microexperiencia de coherencia**: na toma de decisións, nas metodoloxías, nos procesos creativos, nos roles de cada persoa implicada. "A participar apréndese participando".
- **Fomenta un liderado positivo e transformador** que non implica estar por enriba de ninguén, nin mandar, senón axudar a que todo o grupo se desenvolva e acade os seus obxectivos de forma conxunta.
- **Fomenta a corresponsabilidade** sobre os asuntos colectivos.

A EXPERIENCIA É HORIZONTAL?

Para poder valorar este criterio, é preciso que a entidade responda a un cuestionario, ofrecendo datos sobre a participación das persoas que conforman o equipo que desenvolveu esta experiencia. En base ás respostas, valoraranse os seguintes ítems.

HORIZONTALIDADE	contraria	discreta	relevante
Todas as persoas do equipo tiveron acceso á información relevante sobre o mesmo			
As decisións relevantes e os criterios a seguir foron resultado de acordos nos que todas as persoas do equipo foron tomadas en conta e tiveron un peso semellante			
O traballo e a responsabilidade foron repartidos de forma equilibrada entre as persoas do equipo			

CUESTIONARIO / GUIEIRO ENTREVISTA

Cal das seguintes situacións se achega máis á realidade?

- Todas as persoas participación ao mesmo nivel
- Unhas persoas participaron de forma máis activa ca outras, pero sen grandes diferenzas
- Unhas persoas participaron máis nas decisións e outras máis no traballo
- A participación foi desigual: unhas persoas participaron bastante máis ca outras
- Case todo o fixo a mesma persoa
- Outras situacións (explicar cales):

Considerades que o liderado recaeu sobre unha persoa?

- Non houbo ningún liderado, todas as persoas se implicaron e tiraron do grupo na mesma medida
- Houbo unha ou varias persoas que axudaron a organizarnos, convocar reunións, coordinar os traballos ou animar ao grupo.
- Houbo unha persoa que destacou por axudar e impulsar ao grupo, facendo que todas as demais participáramos activamente.
- Houbo unha persoa que destacou por axudar e impulsar ao grupo e as demais persoas foron facendo que ela dispuña.
- Outras situacións (explicar cales):

Na toma de decisións tomouse en conta a todas as persoas implicadas?

- As decisións tomáronse chegando a consensos.
- Algunhas decisións tomáronse por consenso e noutras fíxose unha votación e tomáronse por maioría.
- Algunhas cousas foron decididas por unha persoa, porque había diferentes posturas.
- Algunhas cousas nas que non había acordo quedaron sen decidir e cada quen fixo como lle pareceu.
- Outras situacións (explicar cales):

No referente ás oportunidades de cada quen para participar...

- Todas as persoas expresaron a súa opinión.
- Houbo persoas que falaban moito e outras que apenas o fixeron.
- Non todas as opinións foron tomadas en conta. Unhas voces tiveron máis peso ca outras.
- Outras situacións (explicar cales):

Explicouse e transmitiuse toda a información?

- Empregamos sistemas para que todo o mundo tivera toda a información (repositorios comúns, lista de correo, etc.)
- Algunhas informacións estaban dispoñibles para todo o grupo e outras compartíronse en grupos máis pequenos ou entre dúas persoas.
- Cada quen manexaba a súa propia información, sen compartila máis que en momentos puntuais.

Cales foron os puntos fortes e os puntos febles na comunicación entre as persoas que formades o equipo? Outras preguntas valorativas e de autorreflexión que poden incorporarse ao cuestionario:

- Sentides que estades máis apoderados ou apoderadas logo deste proceso?
- Credes que aprendestes a participar e que mellorastes a vosa participación fronte a vosa percepción da participación que tiñades antes?
- Sentides que tedes máis preparación para realizar actividades de participación?
- Considerades que podeades axudar ou guiar a outras persoas ou grupos para que poidan acadar os seus obxectivos?
- Pensades que esta metodoloxía é útil para aplicar en outros ámbitos ou aspectos da vosa vida?
- Podeades extrapolalo ao voso día a día?

QUE SIGNIFICA COLECTIVA?

- É o principio mediante o cal **todas as persoas** implicadas na microexperiencia **participan activamente** e de maneira comprometida na mesma.
- Ser proxectos promovidos para toda a cidadanía, que **non son exclusivos nin excluíntes**, xa que a xustificación esencial e primeira reside na **promoción dos intereses colectivos e do ben común**.
- O que caracteriza fundamentalmente á participación e o **traballo colectivo** é a posibilidade dun **recoñecemento mutuo** entre as persoas.
- Os éxitos e fracasos son do **grupo**, non dos individuos: o coñecemento compártese en todas direccións e os equipos colaboran sen rivalidades persoais.

POR QUE É IMPORTANTE EN O GLOBO?

- A participación é un medio para a aprendizaxe polo que se podería dicir que **só se aprende participando** e que non hai aprendizaxe sen participación.
- **Favorece as aprendizaxes persoais**: o traballo en grupo, a responsabilidade, a toma de decisións na que teremos que ceder nalgúns momentos, aprender a defender a nosa posición sobre un tema concreto, comprometerse co grupo, etc. Aprendemos a tomar decisións de forma democrática e participativa.
- Supón un elemento clave para posibilitar a **integración das persoas nos grupos e nas comunidades**.
- **A colectividade** debe utilizarse como unha **forma de loitar polos dereitos**.
 - **Ampliamos a mirada**: permítenos incorporar visións diversas sobre un fenómeno (dende a propia elección da problemática ata as accións que se nos ocorre desenvolver)
- **Enriquece unha visión crítica**: ao escoitar un número amplo de voces, temos maiores probabilidades de tomar en conta visións distintas ás propias.

A EXPERIENCIA É COLECTIVA?

COLECTIVA	contraria	discreta	relevante
Participaron de forma directa 5 ou máis persoas (se foron de 2 a 4 considérase discreta; unha soa persoa é contrario a colectiva)			
A experiencia contribúe a loitar por un obxectivo común. O seu obxectivo é o ben común e non intereses particulares			
A experiencia favorece o sentido da corresponsabilidade colectiva			

QUE SIGNIFICA SER REPLICABLE?

- Cando falamos do principio de replicable e máis concretamente referido aos proxectos educativos, estámonos a referir a esa capacidade que ten dito proxecto para **crear coñecementos xeneralizables** que poden ser utilizados con un certo éxito en **diferentes contextos ou procesos**, para que os que será necesario facer algúns axustes chegando incluso a lograrse unha certa autonomía dos mesmos.
- As reflexións que se producen no marco da praxe do proxecto traspasa máis aló das fronteiras do mesmo, alcanzando unha **cultura do desenvolvemento** e construíndo procesos de transformación menos difusos e non limitados a un único contexto, senón unha experiencia con efectos -temporais e espaciais- máis amplos que os delimitados polo propio proxecto, pero tendo en conta que a potencialidade de ser unha microexperiencia replicable supón que **os recursos e capacidades necesarias estean ao alcance de todos**, sen necesidade de facer un proxecto de grandes dimensións de tal forma que poidan ser asumibles.
- Esta replicabilidade vai posibilitar que as experiencias superen máis aló do proxecto inicial, podendo implementarse e repetirse noutros lugares ou contextos aumentándose a súa incidencia e se convertan dalgún xeito en **inspiradoras** onde **o seu quefacer sexa extrapolable a outras realidades e necesidades sociais** sen que sexan meras copias dun único proxecto.
- Canto máis replicable sexa a experiencia, máis facilmente se poderá retomar esta en **diferentes lugares e contextos educativos**.

POR QUE É IMPORTANTE EN O GLOBO?

- **Convértense en espazos de e para a participación**, no sentido en que as reflexións que se levan a cabo no marco principal da experiencia piloto transcenden máis aló do marco inicial deseñado, nutréndose das achegas realizadas por outros actores do proxecto.
- **Iniciativa de intercambio**, tendo en conta que replicar unha experiencia noutro contexto distinto supón facer os axustes necesarios de adaptación aos novos espazos de tal maneira que os diferentes actores poidan compartir e intercambiar coñecementos, experiencias co fin de nutrir o proxecto inicial.
- **Creación de alianzas e alicerces** entre as diferentes organizacións e as súas protagonistas co obxectivo de fornecer un proceso máis amplo de desenvolvemento e transformación social.

- Establécense **redes de cooperación** en diferentes territorios e espazos poñendo valor nas súas potencialidades e nos seus obxectivos comúns.
- **Carácter inspirador** das microexperiencias, no sentido de que o seu proceder ou maneiras de facer poder dar pé a que se extrapolen a outras realidades ou contextos sociais sen converterse nunha simple copia.
- A replicabilidade da experiencia caracteriza ao proxecto como algo asumible onde **os recursos e capacidades están ao alcance de todos** sen converterse en algo sobredimensionado.

A EXPERIENCIA É REPLICABLE?

REPLICABLE	contraria	discreta	relevante
Utiliza recursos que están ao alcance de todas as persoas			
Inspírase ou nítrese doutras micro experiencias			
Emprega metodoloxías e recursos que poden adaptarse a outros contextos			
Establece redes de cooperación en diferentes territorios e espazos			
Incentiva a creación de coñecemento aberto e xeralizado			

QUE É A TRANSFORMACIÓN SOCIAL?

- A transformación social fai referencia ao conxunto de **cambios que se dan na sociedade**, durante a historia desta.
- O obxectivo é, buscar un **sistema social que sexa xusto** para todas as persoas, que se loite por unha igualdade real de dereitos, oportunidades, accesos e, en definitiva, que permita o **cumprimento dos dereitos sociais e naturais das persoas**.
- Os cambios sociais, parecen ser algo novo ou actual, pero nada máis lonxe da realidade. É **algo polo que leva loitando durante varios séculos**, e sobre o que, a pesar dos avances (que son bastantes) queda aínda moito traballo por facer, e é preciso analizar algúns dos puntos que destacan nesta definición e examinalos, co fin de que se poida entender mellor o concepto a tratar.

- A **pobreza ou a exclusión social son conceptos que se deben ir actualizado** e reformulado co paso dos anos, pois non se entende por pobreza o mesmo agora que hai 100 anos, nin que fai 50.
- As microexperiencias pretenden lograr que exista un mundo máis xusto, e por iso, que se atendan as necesidades básicas de todas as persoas, en todos os puntos do planeta. Ditas necesidades evolucionan á vez que o fan as sociedades, por iso debemos sensibilizar sobre a importancia das palabras “necesidades básicas”, que hoxe en día son tamén ter internet, acceso a medios de transporte públicos, acceso á cultura, á educación para todo o mundo, sen que influán os ingresos ou o status social, económico nin cultural. Búscase lograr unha equidade de acceso aos servizos que se necesiten para lograr unha **vida digna**.

POR QUE É IMPORTANTE EN O GLOBO?

- As microexperiencias buscan lograr unha **modificación de raíz** das situacións sociais nas que nos vemos inmersos, corrixindo a visión asistencialista que entende que hai que dar “esmola” ás persoas sen recursos, de forma que se palién os danos pero sen que para iso se faga unha conversión real.
- Desde a educación social, e baseándonos na historia, e apoiándonos en como consideramos que se teñen que dar as microexperiencias de transformación social, vemos que este sistema asistencialista, non pode **xerar cambios reais**, nin pode mutar as carencias que existen a nivel social, e que se solucionan **cun cambio do sistema**.
- É fundamental pór todos os medios que estean ao noso alcance, como educadores/ as e como persoas, e desde este proxecto, para sensibilizar, concienciar, fomentar a imperiosidade de **facer cumprir os dereitos sociais** como grupo e non só pór parches asistencialistas que nos afasten da equidade.
- **A educación é a ferramenta máis eficaz**, para poder lograr os obxectivos, esta debe deixar de ser entendida como algo de “patio de colexio” ou de “institutos”, e saber que é algo de todos/as e para todos/as. A partir dela pódese lograr un interese real de implicación das persoas na vida política, social, económica, cultural... e xerar desta forma a participación e a loita social polos dereitos que non se cumpren, ou non conseguen convivir en equidade.
- Debemos perder ou esquecer o concepto de “o problema é teu”, xa que **os problemas son sociais**, son de todos/as, e a súa solución ten que ser executada da mesma forma, é dicir, entre todos/as, mediante o valor do colectivo.

A EXPERIENCIA É TRANSFORMADORA?

TRANSFORMADORA	contraria	discreta	relevante
Incide sobre a causa e non sobre as consecuencias do problema identificado			
Incorpora o enfoque de dereitos. Outorga protagonismo ás persoas afectadas e fuxe dun enfoque asistencialista			
Contempla a perspectiva de xénero			
Contempla a sustentabilidade ambiental			
Interpela ao conxunto da sociedade			
Educa, sen dogmatismos nin imposicións			

QUE É O FEMINISMO?

- Entendemos o feminismo como un movemento que **reivindica a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes**.
- A súa finalidade é acadar unha igualdade real de dereitos, oportunidades, accesos e, en definitiva, que permita **o cumprimento dos dereitos sociais e naturais** das mulleres.
- Ser feministas implica que teñamos unha **visión crítica do sistema patriarcal**, que nos permita identificar e **analizar as desigualdades** existentes entre homes e mulleres para poder **actuar** ante esta problemática global, promovendo así a equidade. Sen conciencia crítica o patriarcado non se derruba.
- Comprender a **importancia** de acadar a **igualdade** formal e real dos mesmos dereitos, liberdades, oportunidades, alternativas e responsabilidades para homes e mulleres en todos os grupos de idade e en todas as culturas, é un **obxectivo de desenvolvemento** e, ao tempo, un factor fundamental para conseguir o fin da pobreza.

POR QUE É IMPORTANTE EN O GLOBO?

- É importante xerar **conciencia crítica** con respecto ás desigualdades de xénero para lograr **transformar a sociedade**. Isto é, sen pensamento crítico non se pode derrubar o sistema patriarcal que nos oprime a homes e, especialmente, a mulleres.

- A **invisibilización das prácticas feministas** en calquera intervención socioeducativa que pretenda contribuír a un desenvolvemento sostible a nivel global ten como consecuencia a **perpetuación do sistema patriarcal**.
- Desenvolver microexperiencias que sexan feministas permitiranos **auto-recoñecernos como axentes de cambio** e transformación.
- En calquera proceso educativo transmitimos valores relacionados co xénero e sobre as relacións establecidas entre mulleres e homes. É por isto polo que resulta fundamental **identificar as desigualdades e as discriminacións fundamentadas no xénero e traballar para erradicalas** de raíz, promovendo que cada persoa poida desenvolverse dende roles sociais non estereotipados. Esta incorporación da pedagogía feminista supón a superación a estratexias anteriores como o “paradigma da igualdade” ou a “coeducación”, que foron moi importantes e útiles no seu momento dada a gran segregación que existía nas aulas.
- Pola necesidade de **(re)coñecer a existencia de diversos feminismos**, non menos lexítimos que todas as correntes que emanan do pensamento occidental, e que avanza cara a un enfoque capaz de contemplar a sustentabilidade da vida.
- Porque existe a **obriga** de todos os estados que ratifican a “Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller”, supervisado pola CEDAW (Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller), de **garantir o pleno desenvolvemento e avance das mulleres** para que poidan exercer e desfrutar dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais da mesma maneira que os homes.

A EXPERIENCIA É FEMINISTA?

FEMINISTA	contraria	discreta	relevante
Contribúe desarticulación de estereotipos e prexuízos machistas.			
Inclúe e recoñece a voz de mulleres e homes, promovendo a súa participación activa en todas as fases do proceso.			
Incorpora alo menos unha actividade específica sobre feminismos.			
Utilízase unha linguaxe inclusiva e igualitaria, non sexista.			
Fomenta a equidade de xénero, partindo das desigualdades estruturais existentes.			